

HISTORIA ORAL

José Suárez Pérez
M^a Luisa Caamánhez
Vitorina Nieto

Cristina Santos Suárez

Testemuña de M^a Luisa Caamániz (a miña veciña)



Naceu no ano 1929 en San Sebastián.
Os pais trasladáronse a Vigo e ela foise a
Valladolid cos seus abós.

Acórdase do bombardeo que tivo lugar na estación do tren e o colexio das francesas mentres ela xogaba no parque.

Polas noites baixaban o “refuxio” que, no seu caso era o sótano do establecemento que tiña deebaixo da súa casa.

Ían a Astudillo(Palencia) onde tiñan familiares, para mercarlles alimentos.

No monte de Astudillo había covas para gardalo viño que exercían como refuxio destes familiares. Algún incluso estaban anos escondidos nesas covas, son os chamados topos.



Para que non lles requisaran os alimentos que traían do pobo escondíanos entre as mantas do cochecito de bebé onde ía ela. O resto dos alimentos, os de primeira necesidade, estaban racionados mediante unha cartilla coa que ían a tenda e conseguían pan, leite en polvo, carbón, fariña, carne enlatada que viña de Francia e Alemaña.

Na estación conseguíase de todo a altos precios a través do estraperlo.

Ter chocolate eran unha milagre.

A súa familia non pertencía a ningún bando.

Tamén ían a Vigo a comprar, se desprazaban nun tren de madeira durante moitas horas.

Da súa infancia recorda algúns xogos:

-Diábolo: dous palos cunha corda e o chamado diabolo ía entre as cordas para facer peripecias en el.

- pelota: obxecto redondo que bota

-tabas: cinco pezas con formas irregulares cunha pelota. As tabas eran os osíños dos xeónllos dos cordeiros e a boliña chamábase pita e collíase das botellas de gaseosa.

-canicas: boliñas de cores de cristal coas que se xogaban a distintas cousas.

Facíase un gran círculo na area e gañaba o que expulsaba as canicas dos demais fora do círculo.

-cromos: había que darlle a volta os cromos coa man dunha maneira que fixera ventosa.

-comba: saltar unha corda unha nena dun lado e outra doutro extremo e as nenas saltaban e cantaban o mesmo tempo diversas cancións.

Tamén tiñan bonetas de serrín ou de trapo.

Estudou ata os trece anos a causa dunha parálise na perna dereita provocada pola poliomielitis.

Dedicouse a coser para non ter que facer moito esforzo pero cansabase o estar tanto tempo sentada.

Para melloralo problema da perna déronlle un tratamento de correntes eléctricas que axudou a súa mobilidade.



En certa ocasión compraron dous galos tres meses antes das festas e cada día o rellenaban ata enchelo por completo para cocinalo en Nadal.


O pai era primer maquinista de un barco.



A súa tía facíalle a roupa, e había un vestido que era para ir a misa os domingos e o resto da semana non se tocaba.

As navidades celebrábanas na casa. A comida típica para eles eran chicharos ao forno semellando besugos/ollomoles.

Testemuña de Victorina Nieto(A miña veciña)



Naceu en Outes(San Orente) el 29/7/37
Debido a súa idade non viviu a guerra civil se nón a posguerra. Pero si nos conta situacións da súa familia en canto a ese período bélico.

Conta dos seus veciños que un deles mudou de nome para non ir o campo de concentración.

Doutro veciño conta que o seu pai escapou porque foron buscalo para “pasealo” debido a súas ideas, como a súa nai xa morrera o neno quedou o cargo dos seus tios.

Outros veciños estiveron anos escondidos, vivindo coma topos.

Un primo participou na guerra no bando nacional e recibiu un tiro nos beizos.



Na súa infancia, ela non pasou fame, aínda que escaseaban moitas cousas. Eles cultivaban a terra e de ali sacaban millo, patacas...tamén tiñan animais como o cocho, as galiñas, tenreiros...de alí sacaban carne, ovos, leite...

Lémbrese das cartillas de racionamento. Con elas ían a tenda onde lles daban unha pequena porción do necesario para sobrevivir. Tamén axudaba que vendían parte dos cultivos aínda que as veces a Garda Civil lles requisaba cousas como as patacas.

Nesta etapa da súa infancia recorda que os seus abós emigraron a Argentina na procura de traballo.

Nos fala dos xogos do seu tempo:

-roda roda pan e canela: É unha canción infantil que se canta en corro dando voltas arredor dunha nena/o.

-escondite: un pandaba e os outros se escondían cando o que estaba contando os ía encontrando o iba dicindo.

-pano: un corro de nenas/as menos unha que é a que coloca dous panos detrás d dúas persoas esas dúas persoas érguense e unha persigue a outra

-panda: poñense unas cantos nenos/as agachados e unha persoa saltaos e así todo seguido.

Todo los domingos ían a misa e o catecismo, para prepararse para a primeira comunión, onde o pasaban moi ben.

Estudou ata os 15 anos en Outes, nunca escola unitaria, Tódolos rapaces de diferentes idades estaban na mesma clase. Aprendeu a coser e conquistou o diploma de “corte y confección”.


Coñeceu o seu marido en Outes cando tiña 16 anos. El tiña 21, fixo a mili e casaron cando ela tiña 28 e el 33.



Dous curmáns cando volveron da guerra os deixaron nunca pensión, na mesma habitación. Non se coñecían, comezaron a falar e descubriron que eran do mesmo pobo e da mesma nai porque cando un era pequeno o outro emigrara e non se cegaron a coñecer.

Cando ela era pequena descubriu a verdade sobre os reis magos porque unha noite encontrou unha manta nun armario e a noite d reyes o seu agasallo era esa manta e púxose a chorar.

Testemuña de Jose Suárez(meu avó)



Naceu en Xixón o 18 de xuño de 1929. Criouse en Luarca.

Cando estalou a guerra tiña 7 anos. Durante estos 3 anos de guerra gañábase un diñeiro levando o leite de Luarca a Carollas a unhas casas que xa tiñan

encargado o leite ó leitero (gandeiro).

Foi o colexo de monxas ata os 10 anos.

Seu pai era chofer de ambulancias. O principio da guerra requisáronno “los rojos” e despois “los nacionales”. Con estes levaba os camións onde daban o “paseillo” os que ían fusilar.

A súa mai levaba peixe as aldeas e ben lle pagaban con diñeiro ou con produtos agrícolas (trueque).

Os xogos que el recorda son:

-A remonta: ir saltando en cadea as persoas que estaban agachadas.



-palillo: cun pao de 50 cm afiado e outro máis pequecho e tamén afiado pinzaban o grande aver quen chegaba máis lonxe.

-pelota: Facíana de papel do xornal e cordas; algunha vez conseguían reunir o diñeiro suficiente como para comprala (7 pts daquela).

“Los rojos” “bombardearon” Luarca con sacos de ladrillo en vez de bombas porque non tiñan.

En Luarca non había refuxios así que aproveitaron uns tuneles de canalizacións de auga e a Cova da Virxe da Branca.



O estraperlo: A aboa do meu curmán Modesto, fixo moito diñeiro gracias a isto. Ía dende Luarca a Ribadeo a mercar productos como aceite, azúcre, garbanzos, arroz, etc...que viñan da Coruña. Levábaos a Luarca e os vendía. Traíaos agochados a través de multiples artimañas.

Foi unha guerra moi cruel porque aproveitouse a xente delo para librarse dos que lle caían mal.

Cando él era neno un parente lonxano do seu pai co que se levaba mal, mentres el xogaba cos seus amigos en “La Atalaya” disparoulles. Afortunadamente non houbo feridos.



O seu pai que conducía os camións dos “paseillos” ía cos gardas e recollía a xente das casas para “pasealas”.

Un día una de esas persoas era un curmán carnal do pai do meu abo. El púxose a chorar e o primo díxolle que na subida cando cambiase de marcha parase o camiión o máis posible para que eles poidesen fuxir.

Así o fixo o seu pai. O primo máis os que estaban alí empuxaron os gardas e deslizáronse polas pedras ata meterse nunha cova chamada da Virxe Branca e saír polo outro lado. O final conseguíronno e o primo salvouse.